

## **JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-**

### **INFORMA:**

Que están en vigor as seguintes convocatorias de subvención publicadas no DOG:

- ⇒ Orde do 30/12/2008 na que se establecen as bases do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. Prazo de solicitude aberto ata o 30/09/2009.
  
- ⇒ Orde 29/12/2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación de seguros agrarios.
  
- ⇒ Orde 17/12/2008 na que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a primeira instalación de agricultores (menores de 40 anos). Establécense 2 prazos de solicitude: ata o 15 de febreiro e do 16 de febreiro ao 31 de maio.
  
- ⇒ Orde 9/12/2008 na que se establecen as axudas de compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades nos animais. Prazo aberto ata o 21/11/2009.
  
- ⇒ Orde 9/12/2008 pola que se establecen as axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio e execución dos programas de control e erradicación de enfermidades animais. Prazo de solicitude ata o 21/11/2009.

Outeiro de Rei, 15 de xaneiro de 2009

O alcalde,